

ACTA DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE OPOSICIÓN-CONCURSO DE 1 POSTO DE ADMINISTRATIVA/O FUNCIONARIA/O INTERINA/O DO CONCELLO DE PARADELA AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO.

En Paradela a quince de outubro de dous mil vinte e cinco, sendo as nove horas e trinta minutos (09:30), reúnese o tribunal cualificador, do proceso de selección para a contratación de 1 administrativa/o funcionaria/o interina/o do Concello de Paradela, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025-Programa Reforzo do Emprego, a xornada completa, por un período de once meses, mediante o sistema de oposición-concurso, composto por:

- D. . Manuel Piñeiro López, Presidente.
- D^a. Maria Isabel López Fernández, 1º Vogal.
- D. Manuel Eduardo López Vázquez, 2º Vogal.
- D^a. María José Golas Moure, 3º Vogal.
- D^a. Ruth López-Mosquera García, Secretaria.

A continuación iniciase a fase de oposición, en primeiro lugar a proba teórica na Casa Consistorial do Concello de Paradela (Lugo).

“A) FASE DE OPOSICIÓN. De carácter obrigatorio e eliminatorio. A puntuación máxima da fase de oposición será de 20 puntos.

Consistirá na realización dunha proba teórica-cuestionario tipo test, un suposto práctico e unha proba de coñecemento da lingua galega, esta última só para aqueles/as aspirantes que non acrediten no prazo de presentación de instancias o seu coñecemento.

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá nunha proba escrita, tipo test de 20 preguntas e 2 de reserva a desenvolver en 40 minutos, con respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no ANEXO I. Cada resposta correcta sumará 0,50 puntos. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. Este exercicio puntuará ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 5,00 puntos para superala.

O aspirante que non supere esta proba teórica non pasara a proba práctica.

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Realizarase xusto despois da proba teórica e nela participarán aqueles candidata/os que superaron o primeiro exercicio tipo test. Consistirá na resolución dun caso práctico en relación co posto de traballo en base ao temario que acompaña a estas bases, proposto polo tribunal a resolver polos candidatos no prazo dunha hora. Este exercicio puntuará un máximo de 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación de 5,00 puntos para superar esta proba.





A puntuación final do proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos obtidos no primeiro e segundo exercicio. Para superar o proceso deberá obter un mínimo de 10 puntos (5 puntos no primeiro exercicio e 5 puntos no segundo exercicio).

Proba de galego.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega da/os aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto. A proba consistirá en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego, durante 20 minutos.

Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, con carácter previo, como mínimo o título Celga 4 ou equivalente debidamente homologado.”

Neste proceso de selección todos os candidato/as acreditaron o nivel CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado.

Asimesmo na base oitava indicase o seguinte:

“OITAVA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

Os exercicios realizaranse no prazo máximo de dez (10) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con dous (2) días hábiles de antelación, como mínimo, o comezo do exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es, o día, hora e lugar onde se celebrarán as probas.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizou o exercicio.

A/os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir, etc), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

A/os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

A/os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, estarase ao resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no art. 9 do



Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia..../....”

Á vista da proba teórica-cuestionario tipo test de carácter obrigatorio e eliminatorio realizada pola/os candidata/os participantes, a puntuación obtida por cada un deles, é a seguinte:

Candidata/os	Proba teórica
Carmen Iglesias Saavedra	Non asiste
José Alberto Cid Fernández	5,0
Heriberto Martínez Díaz	Non asiste
Margarita Vega Sánchez	9,0
Tania Martínez Domínguez	Non asiste
Miriam Cabezuelo Villarin	6,0
Belen María Encabo González	7,0
Saul Sánchez Freire	8,0
Lara Deprada Fernández	8,0
Lorena Gómez López	Non asiste
Carolina Vargas Bouzon	6,5
María Alvaredo Rodríguez	5,0
José Antonio Díaz Arias	Non asiste
Fanny María Fernández Lago	7,0
María Rosario Otero Rodríguez	Non asiste
David Martínez Peciña	6,0



Tralo remate da proba teórica e os participantes que superaron a mencionada proba, realizan un caso práctico de carácter obrigatorio e eliminatorio, co seguinte resultado:

Candidata/os	Proba práctica
José Alberto Cid Fernández	5,25
Margarita Vega Sánchez	9,5
Miriam Cabezuelo Villarin	6,25
Belen María Encabo González	8,25
Saul Sánchez Freire	0,00
Lara Deprada Fernández	5,25
Carolina Vargas Bouzon	5,25
María Alvaredo Rodríguez	3,75
Fanny María Fernández Lago	8,00
David Martínez Peciña	7,75

Posteriormente este Tribunal, acorda publicar o resultado da fase de oposición no taboleiro de edictos do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es>, na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizaron as probas. Seguidamente baremarase polo Tribunal os méritos e experiencia dos aspirantes que superaron a fase de oposición.



TOTAL FASE OPOSICIÓN (PROBA TEÓRICA E PROBA PRÁCTICA)

Candidata/os	Fase teórica	Fase práctica	TOTAL
Carmen Iglesias Saavedra	Non presentada		
José Alberto Cid Fernández	5,0	5,25	10,25
Heriberto Martínez Díaz	Non presentado		
Margarita Vega Sánchez	9,0	9,5	18,5
Tania Martínez Domínguez	Non presentada		
Miriam Cabezuelo Villarin	6,0	6,25	12,25
Belen María Encabo González	7,0	8,25	15,25
Saul Sánchez Freire	8,0	0,00 Non superada a proba práctica	
Lara Deprada Fernández	8,0	5,25	13,25
Lorena Gómez López	Non presentada		
Carolina Vargas Bouzon	6,5	5,25	11,75
María Alvaredo Rodríguez	5,0	3,75 Non superada a proba práctica	
José Antonio Díaz Arias	Non presentado		
Fanny María Fernández Lago	7,0	8,0	15,0
María Rosario Otero Rodríguez	Non presentada		
David Martínez Peciña	6,0	7,75	13,75

De acordo co establecido na base 7.b que textualmente di:

“B) **FASE CONCURSO.** Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición, só aos aspirantes que superasen a fase de oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en seis (6) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:



1.Experiencia profesional. Máximo tres (3) puntos:

-Por servizos prestados na Administración Local dentro dos últimos 2 anos anteriores a esta convocatoria, en postos de traballos iguais aos que se convocan (ADMINISTRATIVO)... 0,20 puntos/mes completo.

-Por servizos prestados noutras administracións públicas distintas da local dentro dos últimos 2 anos anteriores a esta convocatoria, en postos de traballos iguais aos que se convocan (ADMINISTRATIVO)... 0,10 puntos/mes completo.

Non se computarán os períodos de tempo inferiores a 1 mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días naturais. En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Forma de acreditar os méritos alegados: Para acreditar os méritos sinalados neste apartado achegarase copia compulsada dos contratos de traballo e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. A copia compulsada dos contratos de traballo poderá ser substituída por un certificado de servizos prestados no caso de que se prestarán na Administración Pública, sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado. De non presentarse a citada documentación (vida laboral e contratos/certificados de servizos prestados), ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

2. Titulacións académicas complementarias.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de titulacións académicas complementarias será de 1,00 puntos.

Por posuír titulacións académicas distintas da esixida para participar no proceso de selección. En todo caso, estas titulacións deberán complementar a mínima esixida para acceder á selección e estar relacionada coas funcións a desenvolver, por quen resulte seleccionado:

- Ciclo medio de FP ou equivalente (FPI): 0,25 puntos cada unha.
- Ciclo superior de FP ou equivalente (FPII): 0,50 puntos cada unha.
- Diplomado/a Universitario: 0,75 puntos cada unha.
- Licenciado /a Universitario: 1,00 puntos cada unha.
- Titulo de grao: 1,00 puntos cada unha.

A xustificación deste apartado, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.



3. Accións formativas.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 2,00 puntos.

Accións formativas específicas directamente relacionadas co emprego a desenvolver.

- Cursos de ata 20 horas de duración: 0,20 puntos.
- Cursos de 21 horas ata 50 horas de duración: 0, 30 puntos.
- Cursos de 51 horas a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
- Cursos de 101 horas ou mais de duración: 0,50 puntos.

Non serán valoradas as accións formativas realizadas con anterioridade ao ano 2015.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e/ou financiou, acreditativo da súa realización. De non figurar na documentación acreditativa o contido do mesmo e a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración. Os cursos co mesmo contido, soamente se valorará o curso de maior duración. En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Master ou outra titulación de postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc directamente relacionados coas funcións propias do emprego a que se opta deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

O tribunal en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.”

Á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos e experiencia, procédese a baremar os mesmos de acordo coas bases obténdose o seguinte resultado:



Nome e apelidos	Experiencia profesional	Titulacións académicas	Accións formativas	Total concurso
José Alberto Cid Fernández	0,00	0,75	0,40	1,15
Margarita Vega Sánchez	3,00	0,75	2,00	5,75
Miriam Cabezuelo Villarin	1,30	1,00	0,2	2,50
Belen María Encabo González	0,00	0,00	2,00	2,00
Lara Deprada Fernández	0,00	0,00	1,20	1,20
Carolina Vargas Bouzon	0,00	0,00	0,60	0,60
Fanny María Fernández Lago	0,00	1,00	2,00	3,00
David Martínez Peciña	0,00	0,00	0,00	0,00

Posteriormente, éste Tribunal, acorda publicar o resultado da fase de concurso, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es>, na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizaron as probas.

De acordo co establecido na base 8. que textualmente dí así:

“ OITAVA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

.../....

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases oposición e concurso, en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición (primeiro na fase teórica e a continuación na fase práctica). De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro, segundo e terceiro apartado, sucesivamente da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizaron os exercicios, a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación á Sra. Alcaldesa-Presidenta, que aprobará a relación de candidata/os pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, para o seu nomeamento como funcionaria/o interina/o.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.



O tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura do posto cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera outra circunstancia antes do seu nomeamento.

A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do *Programa reforzo do emprego 2025*. “

PUNTUACIÓN TOTAL DO PROCESO SELECTIVO POR ORDE DE PUNTUACIÓN

N.º orde	Nome e apelidos	Fase oposición	Fase concurso	Cualificación final
1	Margarita Vega Sanchez	18,5	5,75	24,25
2	Fanny Maria Fernández Lago	15,0	3,0	18,00
3	Belen Maria Encabo González	15,25	2,0	17,25
4	Miriam Cabezuelo Villarin	12,25	2,50	14,75
5	Lara Deprada Fernández	13,25	1,20	14,45
6	David Martinez Peciña	13,75	0,0	13,75
7	Carolina Vargas Bouzón	11,75	0,60	12,35
8	José Alberto Cid Fernández	10,25	1,15	11,40

A vista da puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), obtida polos participantes, o Tribunal propón á/ao candidata/o que obtivo a maior puntuación, para 1 posto de administrativa/o funcionaria/o interina/o do Concello de Paradela:

-D^a. Margarita Vega Sánchez.

Establécese un prazo de dous (2) días hábiles a partir do seguinte ao da publicación, para que se formulen as alegacións pertinentes, segundo o establecido na base oitava. Publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es>, na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizaron as probas.

O Presidente dá por terminada a reunión ás trece horas e cincuenta minutos. E para que quede constancia do tratado, eu a Secretaria, redacto a acta que someto á sinatura do Presidente e vogais presentes; dou fe.

O PRESIDENTE

OS VOGAIS

A SECRETARIA

